

Ningún home

Fran Cortegoso

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

CORTEGOSO, FRAN (2013 [2008]). “Ningún home”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 739 (2 de outubro), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2595>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

CORTEGOSO, FRAN (2008). “Ningún home”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 739 (2 de outubro), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de abril de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

02 OUTUBRO DO 2008 - NÚMERO 739

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS




Fran Cortegoso

Fran
Cortegoso

Ningún home

Estes textos que agora aparecen en *Revista das Letras* son os primeiros que publica Fran Cortegoso, representante dunha xeración emerxente de poetas que seguen a senda de Chus Pato, Manuel Outeiriño, Celan ou Alfonso Pexegueiro, nomes para eles referencial na construción do seu propio discurso lírico. Aínda que Fran Cortegoso (Pontevedra, 1985) comezou a escribir hai xa algúns anos, non foi até agora que encontrou a voz idónea de achegarse aos lectores. Sobre a tensión desa voz descuberta, construíu dous poemarios que permanecen inéditos –*Carta ao poeta español* e *Suicidios*– aos que pertencen precisamente os textos deste monográfico.



[... en una palabra, hablar, no de los poemas, sino del lugar desde el que hablo (o pretendo hablar) J. Talens]

O TREVO DE SCHAHRIAR

A lámina acuosa que recubría o ollo do rei persa iluminábase, compraciáse, nas palabras –nunca testemuñas– deslizadas sobre o labio superior do imaxinado rostro de Scheherazade. Imaxinarmos o conto como unha rede de fíos tecidos na nosa pel; cubertos por un manto para non pasarmos frío. O seu labio arremuiñado sopraba pompas no ar para contención da sordidez que agachaba a lingua de Schahriar. Comprácennos as pompas cando somos meniños, achegámonos a elas para as tocar e desaparecen; el só as podía percibir reflectidas na pupila, igual ca nós: se cadra non eran reais, mais cando estoupaban sentíamos a súa humidade sobre a pel. A calidade especular das pompas amosaba mundos embriagadores, alucinóxicos: os nosos ollos tamén están cos seus ollos, bebemos as imaxes e compracémonos en velas; arrotamos máis pompas cara ao ar para que as Scheherazades do noso tempo constrúan escumas. E por momentos achegamos as pálpebras para ulir o aroma das herbas con que sazonamos o caldo dos nosos sentidos. Unha pompa é como unha metáfora, e esta tamén estoupa como a pequena burbulla que se achega ao teu polgar: desaparece na túa pel e sentes unha leve humidade quizá, mais o teu ouvido permanece intacto ante tal fenómeno: é difícil escoitar a consumición dunha desas esferas que pululan no espazo. Ser conscientes do lugar que ocupamos (ou que nos ocupa) é percibir o ruído das pompas do noso mundo. Deixármonos embriagar pola súa densidade é descoñecer a capacidade construtiva das palabras, como se enreda a nós un denso manto de linguaxe. O poema aproveita toda a produtividade da linguaxe e atreveuse a destecer a nosa pel, achegarnos ás pompas para que escorreguen ao noso antollo sobre a lingua, facelas estoupar e saborearmos a acidez da súa composición, e incluso ousar construír novas pompas. Na nosa lingua hai un doce sabor a trevo, mais os poemas ofrécennos outros sabores que agardamos nos sorprendan.

a escena ábrese ante un público inexperto, non acostumado á violencia da imaxe que nós si (somos os que nos lemos)
eles nunca recibiran a imaxe de si propios, foran adestrados na observancia do humano desde disciplinas de distinto grao de aplicabilidade
como se a experiencia terreal fose unha loita do home contra o home (unha loita contra os impulsos da natureza, propios dun estado anterior á
sociedade)

descoñecían a violencia da pedra; o non-recoñecemento no propio reflexo do espello, a triplicación do eu: eu-pai, eu-fillo, eu-espírito
a filmografía e a fotografía permitiunos ter consciencia de nós ante o mundo
nós como un único suxeito, un eu superior e mecánico produto da fabricación de imaxes en cadea
un eu que se consome

no escenario –dividido en dous pequenos cenarios (ou cuartos tamén pequenos)– encóntranse dúas recoñecidas figuras da arte do momento:
Cocteau: situado no cuarto da esquerda escribe poemas sobre o corpo inmaturo dun eu-infancia, e todo é filmado como recordo da creación
artística

Picasso: abstraído polo seu ímpeto creador e violento deforma o retrato do rapaz exposto no cuarto do lado coa forza e densidade do óleo sobre
a superficie do espello

fóra destes dous planos aparece un terceiro inesperado que corta a cena
a súa disposición oblicua no espazo impide a visión do fenómeno, unha dimensión allea ao tempo, á configuración do ser-aí, onde todo é (ou
non-é) non-son

un eu non-eu diríxese cara ao público

[na boca sosteño unha pedra e sobre a cabeza apértase unha bolsa ao colo co osíxeno dun instante]

a figura arqueada daquel rapaz (que recoñezo) desfalece e precipítase

atravesa o plano e vólvese visíbel ao público, permanece deitado sobre o escenario e o ar contido na bolsa consómese nos seus ollos

damas e cabaleiros, ante vostedes a violencia deste século contida no meu propio ser
[sobre o meu corpo adolescente esténdese o holocausto]

como saber da miña pel

os escuros usos de Lázaro
como para domar a sedución do touro
a lingua fascista que rume o trevo da miña boca
mentres a pupila fende – dilátase
e é cunca
que abrirá paso ao meu espolio
unha lenta melancolía que parte en nobelo das miñas mans
como hei curar a miña figura bulímica
de cuspir tantas veces o [teu nome]
Daddy
como para salvar a miña vida
“xunto ao seu cadáver encontraron o coiro dunha besta arrincado por gabiáns
as uñas chantadas na súa propia lingua impronunciábel
e unha carta que transcribo –
Inútil é grafar o silencio, o meu ser-aquí-neste-momento”
tívente que matar Lázaro
tívente que xunguir aos meus ollos
afogarte na miña gorxa para pronunciar os sons do Real
o silencio
tiven que agardar cando xa ardías
para crear o verso – o mundo
e tiven que agardar, máis unha vez, para bicala

a dous metros sobre a liña que se traza baixo o límite da pálpebra observarás
o aletexo dun nome

apenas unha bágoa lembre o teu rosto en cinza

a rosa escureza o reflexo do teu Ti

quizá o labio lle fale á súa propia raíz e esqueza que palabra
traizoou a memoria do trevo

mais eu

e Ti, atando o silencio ao teito do mundo
lembra que Ti
volverás mastigar a súa última folla

PSALM

Ningún-home te constrúe xa con ferro e pedra
Ningún-home alenta o teu sangue
Ningún-home
Gabado sexa ante ti, Ningún-home
Polo meu amor cara a ti
renaces
Cara a
ti
Non eras
nada, es, serás,
renacente:
a Muller de Nada, a
Muller de Ningún-home
Sen
a cor diáfana-escura
o flaxelo ferro-sol
a coroa de espiña
esculpida na pedra-palabra, que nós
oh! que ti cravabas
sobre a dor
Co
nenos eunucos
a non-palabra eufónica
o harén dos séculos
de purpúrea lingua, que eu
cantarei sobre, oh! sobre
Ningún-home

DERRIDA

falar con Derrida en soños
mentres me embebía o delirio do cisne macho chegada a época de
apareamento
puido ter sido
certamente
este verso
o achegamento pausado á erótica do falo
a erección sobre o poema do meu Nome
e a necesidade do suicidio
ante a ameaza de sublimación do espírito
–hipócrita charlatán que
sempre lles fala de min
e na verdade
falar con Derrida en soños
puido ter sido
altamente erótico

DERRIDA (III)

falar con Derrida en soños
mentres M. lle parte o colo ao cisne
permitíume conter o meu propio Nome nas mans
como tamén contiven o meu corazón
lonxe das aves
a miña familia comunga coa posmodernidade
está desconstruída
e eu só quixen salvar á miña nai
sempre levei o seu nome

DERRIDA (II)

falar con Derrida en soños
mentres J. nos relataba o conto do parruliño feo
descubriume o porqué de os cisnes
poboaren os xardíns das nosas cidades cando máis escuras se
amosaban
lembro os paseos na alameda co meu avó
o seu cabelo branco de palabras
e os meus ollos embebidos na brancura do cisne
como se enchían de luz
e nacían as cores
agora coñezo o capitalismo dos cisnes

no paraíso éntrase por ósmose (Ch.)
e non se sae
os cisnes están aí
e teñen dentes

Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. As fotografías son de David González del Riego

